

MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIXITAL E FUNCIÓN PÚBLICA

Real Decreto-lei 6/2023 de 19 de decembro. Negociacions

15/04/2024

O ESPERPENTO NA NEGOCIACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO R.D. 6/23 POR PARTE DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Non é doado explicar a situación que está a vivir a Administración do Estado onde o 60% dos funcionarios xubiláranse nos próximos 10 anos, existe un déficit de persoal en todos os ámbitos, hai un colapso nos procesos selectivos derivados das ofertas de emprego, acordos asinados cos sindicatos non se cumpren e, sumado a todo isto, temos que engadir elementos que viñeron para quedarse como o teletraballo, a necesidade de adaptar os procesos administrativos a dixitalización e una situación política a nivel estatal moi volatil que condiciona a necesidade real de afrontar dun xeito inmediato o deterioro que sofre a administración e de apostar por unha administración pública moderna e de calidade ao servizo da cidadanía.

Diagnosticados todos os problemas da administración, é importante facer unha cronoloxía dos acontecementos para dar a coñecer e entender os pasos que está a dar a Dirección Xeral da Función Pública.

Este goberno condiciona as medidas a tomar ás reformas estruturais que lle pide Europa para acceder aos Fondos Next Generación do Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia. E son estes fondos e a urxencia de cumprir os prazos fixados o que está a marcar os tempos, o que obrigou ó goberno a publicar un Real Decreto Lei (6/2023 de 19 de decembro) onde se recollen una serie de medidas esixidas por Europa. Este R.D. recolle medidas que viñan recollidas no Anteproxecto de Lei da Función Pública da Admón. do Estado (A CIG non aprobou) e que o goberno ten aparcada. Engadir que este R.D. entra na regulación de materias que son obxecto de negociación segundo o art. 37 letras c), d), l) e m) do EBEP e que non se negociaron.

O seguinte paso do goberno, unha vez publicado este R.D. 6/23 é dotarse das ferramentas para desenvolver o recollido nese R.D. Para eso Función Pública crea un grupo de traballo para a elaboración dunha “orde ministerial” para a Planificación de Recursos Humanos. Orde Ministerial que xa viña pechada e coa intención de non recoller ningunha proposta da CIG nin do resto de sindicatos.

Pero o máis esperpéntico de todo, é que Función Pública, na última reunión sobre a “orde ministerial”, descolgase presentando un borrador de “SeudoACORDO” dun folio con dous puntos. O primeiro recolle cousas como a planificación baseada en evidencias, ordenación dos recursos, planificación de áreas funcionais seguindo as recomendación da OCDE. O segundo punto garante o compromiso de preservar o papel da negociación cos sindicatos, aínda que poda soar a chiste redundante en algo que xa está recoñecido por lei.

Agora, pidennos que fagamos aportacións a un acordo, cando esas aportacións foron postas de manifesto tanto na elaboración do “anteproxecto de lei da función pública” como na elaboración da orde ministerial derivada do R.D. 6/23. Isto só se pode entender como unha burla de Función Pública cara o sindicalismo na procura dunha complicidade da que a CIG como sindicato non sei vai prestar.

Na CIG non contemplamos a posibilidade de “falsos ACORDOS” sobre materias reguladas unilateralmente pola administraciónn.

Non imos participar neste xogo.